

Xosé Neira Vilas considera que "a literatura galega atravesa un período floreciente"

Santiago

18 de marzo de 2009

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2009/03/18/xose-neira-vilas-considera-literatura-17958546.html>

A literatura galega atravesa un “período floreciente”, afirmou o escritor Xosé Neira Vilas, que celebra hoxe seu 80 aniversario cunha homenaxe por parte de diversas autoridades e intelectuais. Para Neira Vilas, a produción literaria en galego “pasa por un momento moi bo, sobre todo a narrativa. Non darei nomes, pero hai importantes autores algúns que cruzaron as fronteiras de Galicia e publicaron en varios idiomas”.

Precisou que “non só se trata de poesía ou ficción, senón tamén de obras de ensaio e de traballos de investigación”, polo que considerou que “a literatura galega ten un gran futuro por diante”. Engadiu que a lingua galega “se está implantado en sectores moi importantes como en compañías de seguros, na xurisprudencia con varias sentenzas de xuíces ou no comercio”, o que mostra que se trata dunha “lingua viva”.

Ao ser preguntado acerca da polémica suscitada sobre algúns aspectos do bilingüismo, indicou que “cando hai un debate é porque unha lingua está viva”, e considerou que sería “derrotista” opinar que o idioma galego está ameazado. Salientou que nas zonas rurais o galego se mantén como a principal linguaxe, aínda que nas cidades “declínase”, pero subliñou que “mentres anos atrás estaba limitado á clase baixa, agora utilízao a clase media e implantouse no ámbito universitario”.

Apuntou que “Galicia é bilingüe” galego-castelán, de xeito que “non hai maiores inconvenientes para utilizar unha ou outra lingua” e opinou que “non se pode impoñer unha fronte a outra” senón que “hai que convencer”.

Neira Vilas que naceu en Gres (Pontevedra) en 1929, emigrou á Arxentina e residiu posteriormente en Cuba tras contraer matrimonio coa escritora cubana de orixe galega Anisia Miranda.

Narrador, poeta, ensaísta e xornalista que regresou a Galicia en 1994, asegurou con ironía e humor que a homenaxe é “non por mérito senón por vello”, e subliñou que se sente “honrado”

dese recoñecemento. No acto recibirá unha placa honorífica no teatro Principal da capital galega. No acto presentarase tamén un documental titulado “X. N. V. Memorias dun emigrante”, de Pablo Iglesias.